ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 9 DE ABRIL DE 2010

No salón de actos da Casa da Cultura do Concello de Bergondo, a nove de abril de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular:
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín
D. Miguel Angel Naveira Campelo

Grupo municipal Veciños de Bergondo:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:
D. Antón Sánchez García
D. Manuel Parga Fernández

Así mesmo asisten:
O arquitecto municipal: D. Roberto Chao Gavilán
A interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental: D.ª Aurelia M.ª Basanta García

ORDE DO DÍA

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta ós/ás asistentes da proposta informada negativamente pola Comisión Informativa Especial para o seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), do día 5 de abril , que transcrita literalmente di:
"Concluídos os traballos de elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal e tendo en conta canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que procede a súa aprobación inicial polo Pleno, por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 22.2.c) e 47.2.ll) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Polo exposto, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño á Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Bergondo, así como o seu Informe de Sostibilidade Ambiental, presentado pola empresa Oficina de Planeamiento, S.A, en data 16 de outubro de 2009, nos termos que obran no expediente.*

SEGUNDO*.- Someter o documento, e o expediente administrativo completo, do que forman parte os informes emitidos por outras Administracións Publicas, ó tramite de información publica por un* ***período de dous meses****, mediante anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e, ademais, anunciarase en dous xornais dos de maior difusión da provincia e na páxina web municipal. Durante dito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.*

TERCEIRO.- *Suspender o outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición en aqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cunhas novas determinacións que supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; que é todo o termo municipal agás o Polígono Industrial de Bergondo e naquelas zonas onde se poida compatibilizar as dúas normativas. O tempo de suspensión será de dous anos.*

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO.- *Remitir, en soporte dixital, copia do documento aprobado ós concellos limítrofes, a efectos de audiencia polo prazo de dous meses, de conformidade co artigo 85.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGa).*

QUINTO.- *Requirir os informes sectoriais, con sinalamento expreso do prazo de emisión, ás Administracións Públicas competentes previstos pola Lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se sinalan a continuación:*

.- Delegación do Goberno en Galicia.

.- Ministerio de Economía e Facenda.

.- Ministerio de Fomento:

Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.
Dirección Xeral de Aviación Civil
AENA
Dirección Xeral de Ferrocarrís –ADIF
Dirección Xeral de FF.CC. – RENFE

.- Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Secretaría de Estado de Telecomunicacións.
Dirección Xeral de Telecomunicacións.

.- Ministerio de Medio Ambiente:

Dirección Xeral de Costas.
Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

.- Ministerio de Cultura:

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

.- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, en materia de emisións contaminantes, residuos e ruídos.
Dirección Xeral de Conservación da natureza, en materia de espazos protexidos e espazos de interese natural e paisaxístico.
Dirección Xeral de Obras Públicas, en materia de Estradas.
Dirección Xeral de Vivenda.
Dirección Xeral de Costas.

.- Consellería de Economía e Industria:

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
.- Consellería do Medio Rural:
Dirección Xeral de Montes.
.- Consellería de Cultura:
Dirección Xeral de Patrimonio Histórico-Cultural.
.- Augas de Galicia.
.- Deputación Provincial da Coruña
.- Confederación Hidrográfica do Norte.

SEXTO.- *En virtude do disposto no artigo 60.3 da Lei 9/2002, de 30 de decembro (LOUGa), recabarase a conformidade das Administracións Públicas concernidas, en canto ó Estudo Económico Financeiro do Plan Xeral de Ordenación Municipal.*
Non obstante, o Pleno municipal acordará o que crea conveniente.
Bergondo, 30 de marzo de 2010.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: a modo de introdución, no ano 2006 recíbese o informe previo da Dirección Xeral de Urbanismo, e, no ano 2007 o documento de referencia para o procedemento de avaliación ambiental, con iso modificase o Plan e adaptase a estes documentos obrigatorios; o 16 de outubro de 2009 recíbese no concello o PXOM e o informe de sostenibilidade ambiental, o día 5 de novembro convocase a Comisión Especial para o seguimento de Plan e a partires desa data, non soamente os membros da Comisión, senón todos os concelleiros puideron consultar os documentos, facendo algúns uso indebido da información á que teñen dereito como consecuencia de ser concelleiros.
Pídense os informes preceptivos antes da aprobación inicial, algún dos cales chegou á día de hoxe, en senso favorable. En todo caso este concello cumpre coa premisa de pedilos, trámite que nalgún caso ata podería chegar ós dous meses.
¿Que obxectivos nos marcamos con este Plan?, pois definimos a Bergondo na comarca da Área Metropolitana aproveitando as magníficas condicións ambientais e de accesibilidade con respecto á Coruña, definimos un modelo territorial de desenvolvemento urbano aproveitando os núcleos que están mellor situados e con mellores condicións para uso urbano, como pode ser esta zona de S. Isidro - Cruz do Sar – Covas – Miodelo; A Lagoa – Tatín – Gandarío – Moruxo – Pedrido – Guísamo – Brea; O Casal - Aldea de Arriba. Delimitar conforme á Lei os núcleos rurais do municipio, prevendo o seu crecemento e os seus servizos, a pesares do informe previo da Xunta no que se nós di que son demasiados grandes, inténtanse manter porque, ademais, o consideramos fundamental.
Completar as infraestruturas de transporte no marco comarcal e rexional, e a recuperación ambiental de Bergondo. Este concello aposta por un novo modelo de crecemento sostible, demográfico, urbanístico, acorde co desenvolvemento do entorno metropolitano, non podemos deixar que os concellos derredor medren e nós nos quedemos sen desenvolver o comercio, o emprego, o turismo..., estamos a perder oportunidades de crecemento.
Estímase unha poboación neste Plan, para o ano 2022, de aproximadamente dez mil habitantes, e no 2026 once mil douscentos catorce, iso supón unha media de douscentos setenta e cinco, trescentos habitantes mais por ano; este aumento de habitantes nos leva a programar dúas mil trescentas catro vivendas para o ano 2022 e tres mil oitenta e oito para o 2026. Esta oferta total de vivendas, no solo urbano consolidado é de catrocentas setenta e oito, no non consolidado mil cincocentas vinte e dúas, no de núcleo rural setecentas noventa e catro, e, no urbanizable diferido mil catrocentas noventa e sete.
Queremos destacar, sobre todo, a vivenda de protección pública. Nos solos urbanos non consolidados faise unha reserva do 31% da superficie residencial destinada a vivendas de protección, co que acadariamos arredor de cincocentas setenta e seis vivendas, non as únicas; co desenvolvemento do solo urbanizable diferido o 40% da superficie se convertería nunhas setecentas cincuenta; en total mil trescentas vinte e seis vivendas, que é o 30% da capacidade total do PXOM se destinarían a vivenda

protexida, o que repercutiría no asentamento da mocidade, dándolle a oportunidade de vivir aquí, en Bergondo, un lugar atractivo en todos os aspectos.
¿Qué consigue o concello con este PXOM en canto a infraestruturas? No sistema xeral viario; se propoñen varios sistemas viarios apoiados na rede existente, con seccións de catorce, dezaseis, metros sempre que sexa posible, ademais se contempla o enlace de Santa Marta permitindo a saída dos vehículos que veñen de Ferrol, evítase o paso por San Paio co vial alternativo dende o enlace de Guísamo, na zona da Casilla. Mellorase a seguridade viaria en San Isidro, creando rotondas que permiten a redución da velocidade en cruces, reforzase a conexión do Polígono Industrial, basicamente co Polígono de Cambre.
Dotacións: actualmente este concello dispón de bastantes dotacións de carácter supramunicipal, pode ser a UTE de Bos, o pazo de Mariñán, o CAP de Fiobre, os albergues da Xunta; son aproximadamente unhas sesenta hectáreas, de municipais soamente temos seis, co PXOM nos centramos nesas demandas específicas, ampliamos as dotacións escolares coa ampliación no entorno do colexio da Senra de cinco mil douscentos metros cadrados, por cesión e expropiación, e un novo centro na Longueira de seis mil cincocentos metros cadrados, de cesión; deportivos, cun gran centro deportivo na zona da Senra. Cemiterio municipal, con todo isto acadariamos 10,6 hectáreas, estamos incrementando un 77%.
Zonas verdes: tamén temos unha gran escaseza actualmente, dúas hectáreas, o Plan propón complementalas co aproveitamento de uso urbano vinculado ó lecer, como pode ser na costa con grandes parques na zona do Pedrido, no Regueiro, en Gandarío, na zona centro en Santa Marta, impulsando ademais o noso elemento patrimonial mais importante, o Mosteiro, creando o parque do Mosteiro. Con estas propostas acadamos vinte e seis hectáreas.
A maiores están os sistemas locais, esas pequenas que quedan polas parroquias, agora existen catorce hectáreas de prazas e zonas libres, aumentamos un 44% pasando a vinte. En dotacións once hectáreas, incrementamos un 26%, pasando a quince, que se concretan nunha nova gardería, centros de atención para a terceira idade e pequenos equipamentos deportivos e socioculturais repartidos por todo o concello.
¿Porque consideramos fundamental aprobar agora?. Entendemos que é esencial aprobar inicialmente agora porque temos unhas normas anticuadas, do ano 1992, que agora coa nova modificación da LOUGa, van dar para moi pouco; os técnicos se verán en serias dificultades para poder informar e conceder licenzas, xa que deberán facer un estudo pormenorizado de cada núcleo, e, en poucos casos se cumprirían as condicións exisidas para a edificación; nesas antigas normas tamén hai uns desenvolvementos importantes cunha marxe por pequena de actuación por parte deste concello. O Plan de ordenación do litoral está a consulta ata finais deste mes, pero ó día de hoxe afecta ó 90% do territorio, chegando incluso ó Polígono Industrial, cremos que sería importantísimo ten un planeamento en tramitación, é dicir, aprobado inicialmente para poder ter unha postura mais forte e defender mellor os intereses do concello, en base a feitos e non a teorías e debuxos no aire.
Ese posible trazado do AVE, polo mesmo que o anterior, é fundamental defender a postura con feitos e propostas aprobadas para que non nos veñan dicindo que soamente atravesan leiras e prados, senón que poidamos defender os trazados porque se prevén vivendas futuras, solos industriais...; a entrada en vigor da LOUGa, que será o día vinte deste mes, di *os plans aprobados inicialmente poderán adaptarse integramente a esta Lei ou continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002*, a que actualmente existe. Claramente estariamos perdendo a opción de continuar coa tramitación anterior, xa que aínda que se tivese que adaptar en certos sentidos, e de feito así o obrigan, non teriamos que comezar de novo, e, o informe previo da Xunta, e o documento de Avaliación Ambiental son traballos que xa están rematados, nos anos 2006 e 2007, dende o ano 2001 que empezamos, levounos cinco anos chegar a eses informes. Coa entrada en vigor da modificación da LOUGa teriamos que empezar de novo, o que ocasionaría non soamente un prexuízo económico para a nova redacción do Plan, senón que tardariamos anos en volver a presentar outra proposta, acaban vostedes de escoitar todos os organismos ós que lles temos que pedir informes, porque todos teñen algo que dicir neste

Plan, estean vostedes seguros de que ningún consentiría xamais unha proposta ilegal, nunca, deben opinar e facer as alegacións que consideren, o equipo de goberno pretende con este Pleno que todos os veciños se poidan manifestar e facer as propostas que consideren, xa que se hoxe aprobamos e damos un si a esta proposta de aprobación inicial, estaríamos iniciando o proceso, que podería cambiar moitísimo; simplemente sería o pistoletazo de saída e o Plan, estamos convencidos, melloraría coas incorporacións dos veciños.
Para completar un pouco esta presentación pásolle a palabra ó arquitecto municipal.

Sr. arquitecto municipal, Roberto Chao Gavilán: vou dar uns esquemas xerais do que é o Plan proposto pola Oficina de Planeamiento, equipo contratado no ano 2001 para redactar o Planeamento deste territorio.
A proposta que realiza enmarcase dunhas directrices de ordenación do territorio, xa aprobadas e que temos que seguir, polo tanto non podemos deseñar un territorio da nada, plantexando que somos a coroa da Área metropolitana da Coruña, polo tanto os procesos que se produciron en Culleredo, Cambre, Oleiros estanse acercando cara a Bergondo, e temos unha posición de privilexio de rótula entre Ferrol e Coruña, cunha saída da autovía que temos que aproveitar. Outro punto de partida é que o crecemento a base de vivendas unifamiliares illadas, de moi baixa densidade non é sostible, e ten que cambiarse por outro que leve maior densidade de edificacións, para iso aposta polo que apostaron os concellos dende hai vinte anos, que é xestión.
Formula cinco núcleos urbanos, dous principais que son Guísamo e este de Bergondo San Cidre, e outros dous secundarios que son a zona de Gandarío e Moruxo, e o terceiro que é a parte de San Paio e a saída da AP-9. Despois no resto plantea os núcleos rurais.
Hai que ter en conta que a clasificación do solo está bastante regulada pola LOUGa e polas súas modificacións, o solo urbano consolidado ten que cumprir as condicións de servizos e se non as cumpre non é urbano. O solo urbano non consolidado é o que está rodeado por solo urbano pero non cumpre as condicións do artigo 12.a de servizos, polo tanto necesita elementos de xestión, é dicir, reparcelación e cesións de terreo para zonas verdes e equipamentos.
Unha referencia do informe previo da Xunta de marzo de 2006, é o mantemento do límite dos núcleos rurais actuais, incluso o crecemento dalgúns, sobre todo na parte de Lubre, a pesares de que hai polo menos cinco parágrafos do informe que nos advirte que hai moitos núcleos rurais, que se exceden do que a Lei permite e coa modificación actual imos ter mais problemas, o equipo redactor da Oficina de Planeamento, aposta por mantelos á espera de que o informe da Xunta, logo da aprobación inicial o confirme, ou non.
Outro tema é o futuro industrial de Bergondo para crear postos de traballo; o único sitio que hai para crecer é arredor das saídas da AP-9; planéase un crecemento industrial de certa tecnoloxía, complementaria do Polígono actual, tipo Euroespes, deseños de tecnoloxía de alto rendemento tipo Centro Tecnolóxico de San Cibrao das Viñas en Ourense, e dende o actual Polígono Industrial á saída de Guísamo formulando un arco de solos urbanos non consolidados de desenvolvemento.
Outras das cousas que propón o Plan, é o mantemento de certas zonas de solo urbanizable xa presentes nas actuais normas, como son Gandarío, A Longueira, e algún mais, e, elimina outros, por imperativo do informe da Xunta. En Gandario o solo urbanizable está separado, ou retranqueado, douscentos metros pola Lei 9/2002, do que é o límite da ribeira do mar, baixa a edificabilidade e plantea toda a zona do río como un sistema xeral de zonas verdes, parte expropiado e parte como cesión do polígono.
A Longueira mantén sensiblemente o que é o límite actual, baixa a edificabilidade e a densidade.
Todos os demais sistemas que plantea Oficina de Planeamiento, como pode ser normativas, ordenanzas especificas, son moi similares ás actuais; penso que non é necesario pormenorizar nin o deseño porque está a primeira das tres veces que vai vir ó Pleno o Plan, e estamos a falar do esquema xeral. Dicir cales son os fundamentos do crecemento, e por onde van as liñas estruturais.

O tema dos saneamentos, plantea aumentar zonas de depuración de augas residuais, estuda as depuracións e novos depósitos.
Plantea o crecemento a nivel de xestión por un tema moi sinxelo, o concello necesita patrimonio municipal do solo para satisfacer as necesidades dos cidadáns, pode ser sistemas xerais para satisfacer as necesidades de todo o termo municipal e iso vaise centrar no que é a Senra, Cruz do Sar, ampliar as zonas escolares e un equipamento que pode ser deportivo, incluso cun polideportivo con pistas, e a través dos novos polígonos de reparcelación vai crear pequenas zonas verdes, como dixo a alcaldesa, e equipamentos públicos. Eses equipamentos para as parroquias e os núcleos de cada unha, pode ser o que se desexe, biblioteca, deportivo, cultural..., porque se o concello non ten patrimonio non pode xestionar os servizos.
Isto a grandes trazos é o plantea Oficina de Planeamiento, que, evidentemente pode modificarse a raíz, non só dos informes sectoriais, senón dos informes técnicos.

Seguidamente toma a palabra a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle, e di: en primeiro lugar deixar claro que o Partido Popular non está en contra dun Plan Xeral para o Concello de Bergondo, todo o contrario, é necesario, xa que nos rexemos por as Normas Subsidiarias de Planeamento do ano 1992, cuxa vixencia era por dez anos. O que estamos é en contra de determinados aspectos que se recollen nese Plan e coas formas que desde a Alcaldía se están levando a cabo, o intento da súa aprobación. Como manifestei na Comisión Informativa do luns día cinco, o que se tiña que ter feito é reunir a Comisión de Urbanismo para que entre todos os grupos políticos discutiramos o Plan y puideramos chegar a un consenso, so houbo unha primeira toma de contacto, creo recordar en outubro do 2009, onde se reuniu cos grupos da oposición e ata o día de hoxe non nos volveu a convocar.
Sra. alcaldesa, pasaron cinco días dende a Comisión Informativa do luns e non recibín ningunha chamada dende a Alcaldía, para intentar entre todos buscar solucións, o que me fai pensar que ó mellor a vostede tampouco lle interesa aprobar o Plan.
Dicirlle que esta non é unha batalla en contra de vostede nin do seu goberno, o que estamos é tratando un Plan Xeral que supón, como instrumento básico, a ordenación do territorio, e non só afecta ás súas fincas, ás dos seus amigos ou ás dos seus familiares; o Plan afecta ós seis mil seiscentos veciños que ten Bergondo, e a moitas xeracións posteriores que está por vir. Afecta a veciños que ven que o pouco que teñen se queda reducido a nada, mentres que outros de fóra, grazas a un movemento de especulación enriquécense grazas ós veciños de Bergondo, por iso pediríalle, que tratara este tema coa humildade que parece que ultimamente lle falta, coa coherencia que debe ter un político, e, sobre todo, coa seriedade que ten o asunto.
En primeiro lugar os núcleos rurais, este Plan aposta pola creación de novas zonas urbanizables en vez de apostar polos núcleos rurais tradicionais, das catro mil duascentas vivendas, como ben dixo, catrocentas setenta e oito son solo urbano consolidado, mil cincocentas vinte e dúas solo urbano non consolidado, mil catrocentas noventa e sete solo urbano diferido, fronte ás setecentas noventa e catro vivendas de núcleo rural; serían tres mil catrocentas fronte a setecentas noventa e catro polo que non da posibilidade de crecer ós núcleos rurais, en Guísamo, por exemplo, mete a calzador vivendas en determinadas zonas, deixando outras totalmente sen posibilidade de desenvolvemento. O que o PP propón é que se fagan urbanizables en determinadas zonas que non foran obxecto de especulación nin de compras anteriores, para que os veciños do noso concello poidan construír en el e non cambiar a súa esencia, e que o pobo teña acceso a unha vivenda.
Outro punto clave é o Polígono Industrial, a bolsa de solo industrial e de uso terciario, como son os comercios, fábricas, talleres, que se pretende realizar en Guísamo, así iria enlazado co Polígono Industrial mediante un vial que prexudicaría a veciños de Rois, de Peteiro e de Trasdoval, o lóxico sería unificar e entaboar conversacións coa Xunta para chegar a acordos e utilizar o millón de metros cadrados que temos na zona de capacitación agraria, onde cincocentos mil pertencen á Xunta e o resto ós Concellos de Cambre, de Sada e de Bergondo, para crear unha zona industrial unificada, onde xa

teriamos algúns viais feitos e que conectaría co Polígono de Cambre e do Espirítu Santo, e así unificar toda a bolsa de solo industrial.
Outras das cousas que non nos parece lóxica, é querer aprobar un Plan Xeral sen ter claras algunhas cuestións como poden ser o tema da LOUGa, a nova Lei do Solo, o trazado do AVE que como se falou no último Pleno ordinario non se sabe por onde pode discorrer, o tema da N-VI. O tema da Nacional xeraría un entramado urbano, dando posibilidade incluso, de crear un interurbano na zona da antiga Nacional e, se se fai dito desvío poderiamos convertela nunha zona bulevar ata Cortiñán.
No referente á Longueria, tamén é un tema bastante preocupante a día de hoxe non hai ningún expediente coñecido por parte da oposición, non sabemos en que punto está a súa tramitación. O que sabemos é que os propietarios recorreron o 0,40 de coeficiente de edificabilidade e a Xunta baixouno ó 0,30, recurso que tamén foi presentado polo concello, para que lle deran mais edificabilidade, polo que non entendo que por un lado digan que non queren tantas vivendas na Longueira, pero por outro lado recorreran no seu momento, e, ademais amplíano como urbanizable, polo que amplían a edificabilidade da zona unha barbaridade. Ó día de hoxe a Xunta deu luz verde ás vivendas da Longueira, polo que iso suporía xa un cambio substancial do Plan Xeral, e habería que rebaixar o número de vivendas noutro lado para compensar.
Remítome tamén ó artigo da Voz de Galicia, do día 7, no que se di que o promotor da Longueira reclamará dez millóns de euros se lle impiden construír; a miña pregunta, Sra. alcaldesa, é de onde vai quitar eses dez millóns de euros, se os vai poñer vostede do seu bolso, se vai subir os impostos ós cidadáns ou imos ter que empeñar o Concello de Bergondo.
Outro asunto importante é o de Gandarío, preténdense urbanizar cento trinta e dous mil metros cadrados, un espazo que ten un valor ecolóxico, unha vexetación que forma parte do proxecto de recuperación da ría de Betanzos, e o que se pretende crear é unha zona marbellí con edificios a pe de praia; permítense vivendas unifamiliares, contémplanse varios bloques de baixo e dúas plantas de altura cunha edificabilidade de 0,30 que permitiría a construción de duascentas setenta e catro casas, por outro lado a depuradora de Gandarío ó día de hoxe non a temos por non dispoñer o concello, no seu momento, dos terreos, cando xa tiñamos unha subvención por parte da Xunta, polo que gustaríame saber onde van ir esas augas residuais, da zona de Gandarío e de San Isidro.
En definitiva, este é un Plan que, dende o nos punto de vista, é un cúmulo de despropósitos, que se fixo á medida duns cantos e no que a especulación é evidente e latente pola maneira da compra dalgúns construtores e particulares interesados, pero non feito á medida dos veciños de Bergondo, entón deixamos na mesa a nosa postura de reunir á Comisión de Urbanismo para modificar aqueles aspectos nos que non estamos de acordo, e a nosa votación é en contra.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Francisco Manuel Fafián Torreiro e di: no ano 2001 o anterior alcalde dixo na *Voz de Galicia: el futuro de Bergondo con el PXOM desarrollará un valor económico y social de municipio, el Ayuntamiento de Bergondo tiene entre manos el documento que definirá el desarrollo urbanístico, en el 2003 el PSOE de Bergondo se compromete a desarrollar íntegramente el PXOM, Fernández Ramos dialogará para mejorar el avance urbano y fomentar el empleo, Fernández Ramos asegura que dialogará y lo hará con todos los grupos.*
No ano 2004, despois dun Pleno que se celebra en decembro de 2003, ábrese un prazo para que os veciños aporten ideas para desenvolver o futuro PXOM, dende ese momento non se sabe nada do Plan. Si se sabe que a partir do ano 2006, os veciños que están aquí recordarano, que andaba certo grupo de xente polas casas comprando, dunha forma especulativa, certos terreos que casualmente neste Plan aparecen incluídos posiblemente, a favorecer a construción.
Tamén lle recordo que no ano 2008 os tres grupos da oposición creamos o que era a Comisión de Urbanismo. Sra. alcaldesa, dende entón nunca nos xuntamos para falar do PXOM, se o Plan é tan importante como vostede relatou, debería de xuntarnos e explicarnos mais veces que unha; só nos

reunimos unha vez, en novembro de 2009, cando a Oficina de Planeamiento nos explicou isto que vostede nos resumiu. O seguinte contacto que tivemos co tema do Plan foi nos tres días de Semana Santa, que se pretendía facer un Pleno extraordinario para intentar isto para o que estamos aquí, aprobar o Plan sen falar con ningún grupo, sen chegar a consenso, en definitiva, cunha única parte.
Das ideas que os veciños presentaron para o Plan, non se recolle case ningunha, creo que non chega nin ó 10%.
Dende o inicio do Plan gastámonos case corenta millóns de pesetas, e vostede chega hoxe aquí sen ningún apoio, sen un consenso, asustando ós veciños de que *ven o lobo*, que sen non aprobamos o Plan imos tardar non sei cantos anos en facelo, os veciños non van poder obrar; sen embargo vostede non tivo a molestia de sentarse cos grupos da oposición, de facer que a Comisión de Urbanismo funcionara, de intentar explicar perfectamente o Plan, de, ademais, chegar a acordos para facer aquelas modificacións nas que non estiveramos de acordo; antes de levar á aprobación un documento tan importante como vostede mesmo di, pero parece que non lle interesa, acordalo con todos, e hoxe os veciños aquí non estarían mirándonos con cara de tontos, vendo que estamos trece intentando dicir o mesmo. Eu si recibín a chamada, de intentar arregarnos estes días un pouco, dixen que non, nos sentamos todos, non son o único veciño para decidir isto, convoque vostede a Comisión de Urbanismo temos ata o día vinteún para intentar amañar isto, temos ata ese día para intentar convencer a estes que están aquí, de que somos capaces de xestionar o concello, e, ademais de que valemos. Entón, eu pídolle que se sente dunha vez cos grupos, se realmente lle interesa; o demais non vale de nada, o meu voto xa sabe cal é.

A continuación toma a palabra o Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García e di: parece ser que a Sra. alcaldesa non se da conta de que esta en minoría; en política cando se está en minoría, hai que saber dialogar, hai que ter humildade para escoitar ós demais, e, sobre todo, hai que solucionar problemas. Nós cremos que un Plan Xeral dun concello é un tema suficientemente importante, incluso estando en maioría absoluta un goberno, debe ser o mais consensuado posible, porque é un documento que intenta definir os futuros quince ou vinte anos de Bergondo, polo tanto, independentemente de que poidan cambiar as cores políticas que estean no concello, debería manterse unha estabilidade urbanística; iso desde a Alcaldía non se fixo, como dixeron os compañeiros anteriormente.
Levamos case dez anos tramitando un Plan Xeral, e hoxe chega aquí so a aprobación inicial. Dicía a Sra. alcaldesa que se non aprobabamos o Plan estamos perdendo oportunidades, levamos nove anos sen ter nin sequera a aprobación inicial e agora estamos perdendo oportunidades. Estamos perdendo oportunidades pola súa incapacidade política, de non falar, de non levar adiante os temas, de non saber resolvelos; por exemplo: son nove anos, parece que pasaron como un sopro, ¿porque dende que se recibiu o documento de referencia da Xunta, se tardou un ano e tres mes en contratar á empresa para redactar o informe de Sostibilidade Ambiental, que era imprescindible para avanzar na aprobación do Plan.
Nós votaremos en contra do Plan Xeral por varios motivos, moitos deles comentados anteriormente, o primeiro, que non ten nada que ver coa definición urbanística do Plan Xeral, é pola falta de transparencia e escurantismo co que se levou esta tramitación; nós estamos a favor de implicar cada vez mais ós veciños nas decisións que lles afecten no concello, pero nun tema tan fundamental como este, con mais interese, moito mais cando todos sabemos que os movementos e as operacións especulativas se ven beneficiadas polo oscurantismo e a falta de transparencia. A xente é mais fácil de enganar e manipular cando non ten información; este goberno local colaborou a que a xente non tivera información, colaborou a que houbera xente que con información privilexiada puidera comprar terreos baratos, para despois ser recalificados, como así son. Nós non vimos agora a dicir isto, xa o diciamos canto estaba ocorrendo.
O modelo de Plan Xeral, como xa dixo a alcaldesa, prevé un incremento de catro mil duascentas noventa e unha vivendas, isto é un pouco de broma, na Coruña vanse facer corenta mil vivendas novas,

non sei quen vai vivir nelas, pero ben, nós aí non nos metemos, porque se van facer as que se poidan en función da economía do pais, non se van facer as que se pinten nun plano. Con esta previsión de crecemento, so co reparto que ten este Plan de vivendas entre os diferentes solos xa se ve a quen quere beneficiar.
Dicía que en solo urbano son dúas mil vivendas, para reforzar os catro núcleos urbanos mais importantes do concello, é unha idea que en xeral nós compartimos, cremos que hai que desenvolver a partir dos núcleos urbanos existentes, non estamos tan de acordo coa elección da ubicación deste sitios que non responde a criterios racionais e si, mais ben, a intereses privados.
Despois dicía mil catrocentas noventa e sete vivendas en solo urbanizable, para entendernos, solos urbanizables son grandes urbanizacións illadas de todo tecido urbanizable.
Falaba a Sra. alcaldesa e o arquitecto municipal de que o informe previo da Xunta informaba negativamente da ampliación dos núcleos rurais, porque dentro dos obxectivos que se marca o Plan non está o crecementos do núcleos rurais e si o fortalecemento dos núcleos urbanos; pero non di que o informe previo tamén informaba negativamente dos solos urbanizables como o da Longueira, eses solos urbanizables informados negativamente porque non tiñan contacto con ningún solo de núcleo urbano, pero, iso si, aí os solos urbanizables seguen manténdose e inténtanse amañar. Os núcleos rurais tradicionais, vinte e nove que había coas normas subsidiarias do noventa e dous, nos que se asenta a maioría da poboación de Bergondo, que agora pasan a ser trinta e sete, teñen unha previsión de crecemento de setecentas noventa e catro vivendas, pero isto é enganoso, esta previsión de crecemento é menor que coas normas anteriores, porque nas normas anteriores había a edificabilidade en cincocentos metros, coas novas ordenanzas de edificabilidade os núcleos perden posibilidades de crecemento, aparte de non ampliarse pódense facer menos vivendas; é unha discriminación dobre, porque se se pretende duplicar o parque de vivendas de Bergondo o peso que van ter os núcleos rurais vai ser menos da metade do que ata agora.
Polo tanto, é un modelo de as cargas para todos e os beneficios para uns poucos. Os custos pagámolos todos e os beneficios lévanos uns poucos, para poñer un exemplo práctico, o solo industrial que se propón en Trasdoval-Peteiro pode ser interesante para a creación de postos de traballo, pero se iso se sabia dende fai anos ¿porque non se informou ós veciños? de que alí era o lugar idóneo para situar un Polígono Industrial, porque non se informou e se deixou información privilexiada a determinadas persoas que foron por alí a comprar e que obterán grandes plusvalías.
Diciamos que Bergondo ten posibilidades de crecemento porque ten unhas comunicacións e unha accesibilidade privilexiada, aparte dun entorno natural, pero todo iso foi pagado con diñeiro público en base ás expropiacións que se lles fixeron a todos os veciños; fixeron eses sacrificios, tamén esperamos ter na mesma medida os beneficios, iso é a *quiz* da cuestión, aparte da arbitrariedade na elección dos trazados e dos límites dos núcleos rurais, que non é cuestión de entrar porque non teríamos tempo, para ver tanto dobre raseiro como plantea o goberno.
En Gandarío se di, *baixa edificabilidade na urbanización de Gandarío*; o informe de Medio Ambiente di que hai que ter coidadiño con ter nas zonas de douscentos metros unha densidade superior á media do municipio, pois esa urbanización ten mais, minte o Plan Xeral cando di que a edificabilidade media das novas zonas urbanizables é de vintetrés vivendas por hectárea, é imposible, dígame vostede se computa para obter esa densidade o solo industrial, porque non se pode, non chega, é ilegal. ¿Porqué se permite construír nunha zona húmida pouco adecuada para a edificación?, cando se están deixando outras zonas moito mais adecuadas para edificación con servizos en solo rústico, ¿porqué se escolle alí?, dígamo.
En resumo, nós consideramos que este Plan Xeral non nós vale, pero cremos na necesidade de elaborar un Plan canto antes, estamos dispostos a falar baixo outro modelo, o noso modelo é o de desenvolvemento a partir dos núcleos existentes, para racionalmente revitalizar e rexuvenecer estes núcleos, parando a sangría de xente nova que se ten que ir a vivir ós concellos limítrofes porque aquí non encontra vivenda a prezos asequibles. Queremos revitalizar estes núcleos e amplialos para abaratar

a vivenda; o modelo que propón o Plan encarécea. O propio Plan di na memoria que a vivenda de protección pública que se plantexa en Galicia é de un prezo similar ó que xa se obtén en Bergondo na vivenda libre, co cal a vivenda libre que propón o Plan Xeral será mais cara, aínda encima de dicirnos onde temos que vivir nos din que paguemos mais por elas.
Queremos un reparto de beneficios e cargas xusto e equitativo, polo menos mais xusto e equitativo, se pagamos todos tamén queremos o beneficio todos. Queremos que os asentamentos de nova poboación teñan contacto coa sociedade actual, non queremos crear guetos e queremos unha maior integración social, queremos tamén este pequeno desenvolvemento en base a pequenas urbanizacións porque é creadora de traballo na empresa pequena, na empresa local, as grandes urbanizacións o traballo que xeneran é de grandes empresas que subcontratan a empresas de fora que se levan o diñeiro para fora.
Queremos aproveitar mellor os servizos que se crean para estes núcleos e rentabilizalos mellor, estamos falando da Campiña, Trasdoval, etc. con vinte vivendas mais se aproveitaría e rentabilizarían mais os servizos creados, e incluso, servizos que traerían estas urbanizacións poderían beneficiar ós actuais habitantes.
Queremos tamén apostar pola conservación do medio ambiente, porque isto é unha riqueza que queremos conservar para sempre.
Finalizo propoñendo que é urxente cambiar o *chip*, é urxente sentarse a falar, é de responsabilidade, porque estaríamos defraudando a toda a xente que o que busca en nos é solucionar problemas non crealos, polo tanto, nós a única premisa que poñemos para isto é luz e taquígrafos, nada mais.

Sra. alcaldesa: vou ir contestando a todos. Para a empezar A Longueira, actualmente saben vostedes que é un solo que figura nas Normas Subsidiarias do ano 1992, no que, por certo, non gobernaba o partido socialista; coa proposta que figura agora, neste documento, redúcese a edificabilidade, prevense cincocentas catro vivendas, das cales duascentas cincuenta e nove serían de protección oficial, e se fai unha proposta que é perfectamente coexionada co núcleo de San Isidro, non estamos falando de algo illado como é o que actualmente, como dicía a Sra. voceira, ó que a Xunta lle dou luz verde, por certo o concello aínda non lla deu.
Se vostedes hoxe votan en contra deste Plan, están votando a favor de que se fagan esas mil vivendas illadas, o que criticaban; esta é a primeira ocasión para desbaratar isto.
Gandarío: actualmente, nestas Normas que temos, xa é un solo urbanizable, é dicir, en calquera momento se podería plantear unha iniciativa no concello, calquera a podería presentar, para desenvolver ese solo, ata o de agora non se fixo porque ninguén se molestou. Coa nosa proposta aproveitamos moito mellor os recursos turísticos do concello e facemos un entorno atraíble, onde pode haber actividade hostaleira, lóxico nesa zona, respectando o entorno, aproveitando para facer un gran parque, un novo vial de acceso á praia, e un aparcamento, é dicir, nada fora doutro mundo senón todo o contrario, estámonos aproveitando dese gran valor que temos na praia de Gandarío, respectando en todo momento a diversidade ecolóxica, senón o informe medioambiental así nolo botaría en cara.
A nova proposta é dunha densidade de edificación de 0,30 metro cadrado, a mesma que no resto do concello; o informe de Costas de vintetrés de xaneiro de este ano, como vostede di, di *se deberá justificar el cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 30 de tal manera que la densidad de edificación no supere la media del suelo urbanizable programado o apto para urbanizar en el término municipal*; pois ben señores, non, non supera esa media de solo urbanizable programado ou apto para urbanizar, é a mesma que os urbanizables de vivenda, e si hai que incluír os urbanizables industriais para facer estas medias, o sexa, vostedes din que isto é ilegal, outra cousa é que non lles guste, pero ilegal non é.
En canto á expansión dos núcleos rurais, o dixo o arquitecto, o dixen eu primeiro na intervención, é certo que un dos obxectivos do Plan, e así o dicimos, é potenciar os núcleos urbanos, que Bergondo sexa un pouco mais urbano, pero tamén se aposta pola consolidación dos asentamentos baseados nos núcleos territoriais de orixe, os núcleos rurais; non poden ampliarse mais do que permite a Lei, xa se

nos está dicindo que son amplos e que son mais grandes, todos os núcleos rurais son mais grandes na nova proposta do que son actualmente, están debuxados e son mais grandes. O informe previo da Xunta di que *los núcleos son demasiado grandes*, a pesares de iso os mantemos, e é certo que as parcelas que se propoñen son de mil metros cadrados, e coa adaptación á modificación da LOUGa que entra en vigor este mes, ou teremos que recortar os núcleos, fíxense vostedes, ou incrementar o tamaño da parcela, e a modificación da LOUGa non é cousa desta Corporación, é da Xunta, ¿porque?, porque hai que cumprir co grado de consolidación que se vai exixir, e van que ter ser mais dos mil metros cadrados, é unha cuestión técnica.

O feito de que haxa urbanizables, por certo, a Lei obriga a que estean pegados a unha malla urbana, non se poden facer en calquera lado, non implica que poida haber unha menor edificación nos núcleos rurais, mentira, ¿se non houbese urbanizacións significaría que todos os núcleos se poderían ampliar moito mais?, pois non, iso é mentira porque legalmente non se poder facer, non se sostén.

Falaban vostede da zona industrial en Trasdoval, pois efectivamente, apostamos polos núcleos industriais, e onde se van facer os polígonos mais que onde están xa as conexións e os mellores accesos. ¿Porque apostamos por isto?, un dos maiores activos que temos agora mesmo no concello é o actual Polígono Industrial, iso fai que tamén teñamos unha taxas de paro que son das mais baixas da comarca, ou sexa, iso é xerador de emprego; iso nos fai apostar por mais polígonos industriais, ¿onde teñen que ir? onde teñamos esas boas comunicacións, que, por certo, melloramos.

A variante da N-VI, un dos informes previos que temos que solicitar, e que xa está solicitado, e o de Estradas do Estado, a día de hoxe non chegou, non é obrigatorio que veña, simplemente o temos que solicitar, pero si se poden pronunciar despois da aprobación inicial, hai intención por parte de Fomento, de facer esa variante na N-VI pola marxe dereita de Guísamo, cara a Coruña, se Fomento se pronunciase, despois da aprobación inicial, poderíamos incorporar todos eses solos antes de que tivese que volver este documento aquí, antes da aprobación provisional, todo é modificable, pero temos que aprobalo inicialmente, mentres nos non podemos propoñer ningunha iniciativa, porque Fomento nos diría que ese é espazo reservado para esa posible variante.

Nós están negando a disposición da Corporación para chegar a consenso, pois mire, eu recórdolle que este documento entrou no concello o día dezaseis de outubro, e o primeiro que fixen eu persoalmente, foi avisar a cada un dos grupos e dicirlles que ese documento xa estaba no concello, e convocar a Comisión Especial para o Plan Xeral, para o día cinco de novembro, e, insisto, dende ese día vostedes tiveron acceso a toda a documentación; durante moito tempo vostedes, co arquitecto, etc.; sen ningún problema.

Durante estes cinco meses vostedes tampouco presentaron ningunha iniciativa, a verdade é que vostedes cando queren tamén teñen iniciativa, e durante estes cinco meses non houbo nada, e mais, eu ó día de hoxe sego sen saber cales son as propostas de cambio, ou a engadir, para o Plan Xeral; incluso o outro día, na segunda sesión da Comisión Especial.

Criticaban vostedes incluso que se convocase o Pleno para hoxe, ou para estes días; estou plenamente segura que se hoxe non estivésemos aquí estarían criticando que un documento que leva no concello cinco meses, non se puxera á disposición dos veciños aprobándoo inicialmente, porque realmente esa é a fórmula.

Insistimos, coa aprobación inicial soamente se da o pistoletazo de saída, non é ningún documento final, e que cumprindo coa legalidade, para iso non nos estamos inventando nada, ninguén, o concello tería a obriga de expoñer o documento, na páxina web xa que agora existen as tecnoloxías, acondicionaría un espazo para que todos viñesen a estudalo cos técnicos, e facer as alegacións e propostas que quixeran, porque así é como ten que ser.

Se hoxe se vota en contra, estamos coartando a liberdade dos veciños para opinar, e asegúrolles que esta alcaldesa quere que se aprobe este Plan, senón non o traería a Pleno hoxe, por iso cremos que é fundamental aprobar inicialmente para que todo o mundo poida opinar, e todo o mundo poida presentar alegacións que, por certo, se teñen que estudar e contestar individualmente; este é un documento de

inicio, a partir de agora non quedaría nada recalificado, como se sole dicir, porque tería que sufrir múltiples variacións, tanto polos organismos coma por vostedes, por todos os veciños que quixeran aportar a súa voz.
Sr. voceiro de Veciños de Bergondo: ¿pode repetirlle ó público o nos dixo vostede o día cinco de novembro cando nos presentou o Plan?, que teríamos que correr a revisar co arquitecto municipal antes de acabar o ano, o Plan.
Sra. alcaldesa: dígao vostede
Sr. voceiro de Veciños de Bergondo: vostede dixo, tedes que revisar o Plan antes de acabar o ano para proceder á aprobación inicial, porque os promotores da Longueira van facer unha reclamación e ó mellor temos que aguantarnos con esas mil casas; entón, dende novembro que nos xuntamos para ver o Plan, nos deu a documentación para sentarnos co arquitecto, e non se molestou en preguntarnos as iniciativas que poderiamos entregar. Vostede nos deixou ben claro, revisade o Plan, cando o aprobemos inicialmente todo o mundo pode alegar o que queira, o sexa, non veña aquí contando escusas de que non coñece as iniciativas puntuais de cada un, porque segundo vostede non é o momento de presentalas.
Por outro lado, non nos veña a nos cargando de ningunha responsabilidade, cando vostede comezou este Plan fai dez anos, dende o ano 2007 xa habería motivos para empezar a traballar, e mais, dende o ano 2009 vostede podería tomar a decisión, xa que este Plan é tan bo, e llo contou tan ben á xente, parece que é un magnifico Plan, incluso legalmente desde a súa parte, debe ser tan bo que non fai falta xuntarse con nós, pois ben, está vostede en minoría e a responsabilidade dun político non é so de aprobar as cousas, é de aprobalas, consensualas, medilas e saber xestionalas. Rógolle por favor non nós cargue de responsabilidade, a que goberna aquí por desgraza e vostede, lle volvo a repetir, bríndome, e seguro que os demais tamén, a sentarnos mañá a traballar, pero dea vostede o paso, séntese mañá con nós, os días que queira, traia ó arquitecto municipal, traia a quen lle dea a gana, convénzanos de que o Plan e bo, nos tamén traeremos a xente se nos deixa, pero non veña aquí dándonos leccións, aquí hai que actuar con responsabilidade e vostede non a exerce, ven aquí meténdolle medo á xente, e xa está ben, intenta un que isto saia para adiante intentando ser flexible e vostede fai o que quere, pois dígallo ós veciños, pero vostede é a que goberna, e goberna en minoría, e se o Plan é bo, convénzanos pero non agora aquí meténdolle medo á xente, recórdollo leva vostede dez anos co Plan, mais de douscentos mil euros, que son dos impostos desta xente, menos sesenta e cinco mil que nos deu a Deputación, que tamén son nosos.
Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García: é incrible a capacidade para retorcer as cousas, eu tiña entendido que a alcaldesa e o equipo de goberno e quen ten a responsabilidade de acadar os apoios, pero resulta que non, somo nós que temos que gobernar o concello. É incrible que nos veña agora a intentar meter medo e o único argumento que ten vostede é meter medo, de que pasa senón o aprobamos. Despois de dez anos non nos pode vir con iso, aquí o que se vai facer é o que se aprobe democraticamente, a Longueira non vai condicionar, como veu condicionando, o desenvolvemento de Bergondo, vaise facer a Longueira si o Concello de Bergondo democraticamente quere facer a Longueria, senón nós non aceptamos ningunha ameaza de iso.
Aprobar inicialmente, vostede estalle vendendo ós veciños unha cousa que non lle pode vender, iso é por lei, claro que si se aproba inicialmente hai que expoñelo e se poderá informar, non lle venda esa moto, porque esa moto é por lei; aínda que vostede non quixera informar, que creo que non quere, tería que informar igual.
Despois fala das marabillas que pode poñer sobre un plano, tamén fala dunha conexión co Polígono de Cambre, hai algo mais desta conexión que o que é unhas raias pintadas nun plano, ¿hai algo mais?, porque eu cunhas raias podo facer unhas cousas marabillosas, pero nesa conexión non hai nada mais avanzado, polo tanto non nos veña cargando a nós a responsabilidade que é de vostede, que é do goberno, polo tanto se hoxe non se aproba é un fracaso político, un fracaso que nós consideramos grave porque Bergondo necesita un Plan para o seu desenvolvemento, pero a principal responsabilidade é súa.

Sra. alcaldesa: eu expuxen antes, creo que claramente, porque era o momento de votar; non intentando meter medo, non, se alguén se asustou non era a miña intención. Explicando de verdade, porque houbo xente por aí que se dedicou a dicir verdades a medias; eu expoño os motivos polos que creo claramente que se debería aprobar agora, e non é intentando meter medo, estou expoñendo o que podería ser, que, de verdade, é grave, estouno expoñendo non intento meter medo.
A responsabilidade por suposto que é do equipo de goberno, pero cada un ten a responsabilidade que ten; efectivamente estou de acordo co concelleiro do BNG en que A Longueira se aprobará se esta Corporación o decide, efectivamente, pero non era o único modelo, por certo, aparte da Longueria hai mais iniciativas que están pendentes de desenvolvemento e non deberían se viables. Falaba vostede dos urbanizables que tamén cuestionaba o informe previo e que caeron, porque ó mellor alguén presentou esas iniciativas, das que falaba o voceiro de Veciños de Bergondo, no ano 2003; esas iniciativas se incorporaron no seu momento o informe previo da Xunta as tirou abaixo, porque era demasiado naquel momento optábase por un Plan moi ambicioso, e o informe previo da Xunta recortou en moitos sitios, en moitas desas iniciativas que se fixeron.
En decembro xa falabamos de aprobar porque estaba a modificación da LOUGa aí pendente, que ó final se retrasou, publicouse en marzo e entra en vigor o vinte de abril, por iso non estamos facendo nada a correr, e que dende hai cinco meses non estamos facendo nada a correr. Non estamos dando ningunha lección, pero si cremos que se debe actuar coa responsabilidade de todos, e non facemos ningún escurantismo co Plan, nin moito menos, por certo, dende que entrou o documento, o dezaseis de outubro, estivo perfectamente custodiado e, como din algúns por aí, e o dixeron en prensa, tiveron que obtelo no mercado negro, en dixital; eu tamén quero pensar que ese mercado negro ó que algún de vostede tivo acceso, puido ter acceso outra xente e outros promotores dos que vostedes din, este concello actuou con responsabilidade, as copias dixitais que enviou o concello ós organismos correspondentes foron lacradas, e esta alcaldesa aínda non viu ningún documento en dixital, os documentos que figuran son estes, ese o PXOM de Bergondo.
Insisto, non temos ningún problema en seguir falando e debatendo, pero a proposta se vota e se di se hoxe se aproba o Plan Xeral de Bergondo.
Con respecto á conexión co Polígono de Cambre, saben vostedes que ía previsto que toda esa zona fose industrial, parte da actual finca de Bos, e que no informe previo votouse abaixo, ¿porque se deixa esa raia que vostede di?, precisamente para unha futura conexión e para que se poida seguir falando coas consellerías competentes, Medio Rural basicamente, para que iso se poida seguir convertendo en industrial e facer un gran Polígono Bergondo-Cambre; non o estamos desbotando.
Sr. voceiro de Veciños de Bergondo: as actuacións que se propuxeron cos veciños no 2004, ¿contestáronse ós veciños dicindo que non eran viables?. Por outro lado, non siga insistindo en que somos tontos, tivo vostede moito tempo desde que presentou o documento en novembro ata agora. Agora que lle ven a Lei encima, segundo vostede ten moita presa; é vostede un exemplo de xestión municipal. Polo que dicía do mercado negro, nós tamén o conseguimos no mercado negro, e podo darlle copias que saíron, supostamente de por aquí, que tiñan promotores antes que os concelleiros.
Sr. concelleiro do BNG, Antón Sánchez García: para rematar xa, nós somos os que nos dedicamos, segundo a alcaldesa a dicir medias verdades. Despois de nove anos ocultando o Plan Xeral, nós cando recibimos esta información tiñamos dúas opcións; ou ocultarllo ós veciños, cando nós sabiamos que aquilo era un agravio, un prexuízo para os veciños, ou informar, nós informamos e estamos moi satisfeitos de facelo, porque lles demos armas ós veciños para defenderse, armas que antes non tiñan, volveriámolo a facer. E vostede cos legalismos, que os utiliza segundo lle conveña non veña aquí a discutilos, vostede cando queira denuncie, pero a nosa responsabilidade política era cos veciños e veciñas de Bergondo.
Sra. alcaldesa: non lles chamei tontos en ningún momento, non sei se alguén se deu por aludido, non se lles contestou ós veciños esas iniciativas, e esas iniciativas non as botamos nós abaixo, forman parte do informe previo, que por certo é público.

As medias verdades, ou ocultar o Plan durante nove anos; é que informar ós veciños é a partir de agora, da aprobación inicial, porque é agora cando os veciños teñen algo que dicir e as súas propostas se teñen que ter en conta. Sr. concelleiro do BNG, o fundamental se pode modificar e sabe vostede perfectamente que se os cambios son substanciais so terá que volver a exposición pública, e si se pode cambiar o Plan, e para esta alcaldesa son tan boas as iniciativas que teñan que presentar os veciños como as dos grupos políticos, por iso teñen que ter o mesmo valor.

A continuación procedese á **votación** da **proposta** presentada , que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos en contra; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos en contra.
Total: sete (7) votos en contra e seis (6) a favor.
En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara non aprobada por maioría de votos en contra, a proposta antes transcrita.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e corenta minutos, remátase a sesión, de orde da Sra. alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

Aurelia M.ª Basanta García

V. e Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez